



informe de actividade issga 2011

GUÍA DE
VIXILANCIA DA
SAÚDE NO
SECTOR
PESQUEIRO



XUNTA DE GALICIA

Informe de Actividade 2011

INSTITUTO GALEGO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL (ISSGA)

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
2012

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Autores: María Jesús Copa Arias
Alberto Conde Bóveda

Depósito legal: C 518-2012

Imprime: NINO-Centro de Impresión Dixital

1ª edición, 2012

Índice

Limiar.....	5
1 Estrutura e organización	7
1.1. Órganos de dirección e xestión.....	7
1.2. Órganos de xestión	11
2. Recursos	15
2.1. Recursos humanos.....	15
2.2. Recursos económicos	18
2.3. Instalación e dotación de medios	19
3. Actividade institucional	21
3.1. Normativa	21
3.2. Accións de promoción	21
3.3. Publicacións	38
3.4. Consultas técnicas	44
3.5. Formación interna.....	45
3.6. Participación en grupos de traballo e xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades	47
4. Relacións con outros organismos.....	61
4.1. Convenios.....	61
4.2. Coordinación con outros organismos da Administración	62
5. Actuación técnica.....	67
5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica	67
5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral	72
5.3. Asesoramento	73
5.4. Accións formativas	79
5.5. Hixiene analítica	82
5.6. Medicina do traballo	87
6. Directorio.....	89
7. Anexos.....	91

No artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, establécese que con periodicidade anual elaborárase unha memoria de actividades da que se dará conta ao Parlamento de Galicia para os efectos de control deste organismo.

Sen querer ser exhaustivos, neste documento recóllense as principais liñas de actuación do ISSGA durante o 2011.

As actuacións desenvólvense ao amparo do Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.

A concreción de tarefas para o ano 2011 fíxaa a Comisión de Goberno que, na súa reunión do 27 de xaneiro de 2011 aprobou o Plan de actividades 2011, e estableceu as liñas de actuación para o dito período e no contexto do cumprimento dos obxectivos determinados no dito Plan estratéxico 2011-2014.

A participación cualificada dos axentes sociais (UGT Galicia, SN de CCOO de Galicia, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA pon de manifesto que as actividades recollidas nesta memoria deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.

Este documento estrutúrase en sete puntos: a estrutura e organización, os recursos, a actividade institucional, as relacións con outros organismos, a actuación técnica, o directorio e os anexos.




Con toda esta información que pretende, de xeito responsable e transparente, dar a coñecer a actividade do equipo humano do ISSGA, quérese tamén poñer en valor a necesaria asunción da prevención de riscos laborais polo tecido empresarial, traballadores e traballadoras e, en xeral, pola sociedade galega.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora do ISSGA

I Estrutura e organización

A Lei 14/2007, de creación do ISSGA, desenvolve a estrutura e organización do organismo autónomo, e o Decreto 130/2008 establece a estrutura orgánica e funcional dos órganos de dirección e xestión.



I.1. Órganos de dirección e xestión

I.1.1. Comisión de Goberno

A Comisión de Goberno é un dos órganos de dirección do Instituto. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, foron nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e das organiza-

cións sindicais e empresarial, conforme á composición definida no artigo 7 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

As súas funcións, recollidas no artigo 8 da citada lei, son:

- Establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma, en virtude das políticas, dos programas e dos plans que estableza o Consello da Xunta de Galicia.
- Establecer as liñas xerais de actuación do Instituto e aprobar o Plan anual de actividades.
- Aprobar o anteproxecto de orzamento anual.
- Elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

A Orde do 9 de novembro de 2009 actualiza a composición da Comisión de Goberno (DOG núm. 228, do 20 de novembro).

Presidencia

Odilo Martiñá Rodríguez, director xeral de Relacións Laborais

Vicepresidencia

Sagrario Pérez Castellano, secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Vogais

Adela Quinzá-Torroja García, directora do ISSGA

José Rega Piñeiro, subdirector xeral Técnico e de Planificación do ISSGA

José Ignacio Garrote Freire, xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais

Carlos Bellas Cebreiro, UGT - Galicia

Ascensión Esteban Ceballos, SN de CCOO de Galicia

Fernando Sabio Maroño, Confederación Intersindical Galega

Antón Arias Díaz-Eimil, Confederación de Empresarios de Galicia

Ovidio Pérez Reñones, Confederación de Empresarios de Galicia

José Antonio Neira Cortés, Confederación de Empresarios de Galicia

Secretaría

María Miñones Conde, subdirectora xeral de Administración e Persoal do ISSGA

Secretario/a suplente, o/a titular da xefatura do Servizo de Administración xeral do ISSGA

Actividades da Comisión de Goberno

- Reunión en sesión ordinaria o día 27 de xaneiro de 2011 coa seguinte orde do día:
 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior núm. 3/2010.
 2. Someter para a aprobación o Plan anual de actividades do ISSGA de 2011, finalizado o período acordado na reunión anterior para presentar achegas polos distintos membros desta comisión.
 3. Informe sobre as actuacións do ISSGA en materia de amianto 2010.
 4. Rolda de intervencións.

- Reunión en sesión ordinaria o día 20 de maio de 2011 coa seguinte orde do día:
 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior núm. 1/2011.
 2. Informe sobre as actuacións do ISSGA do primeiro trimestre de 2011.
 3. Informar sobre os convenios de colaboración subscritos durante o primeiro trimestre e as comisións de seguimento dos acordos de colaboración do ano 2010.
 4. Informar sobre os grupos de traballo nos que participa o ISSGA.
 5. Informar sobre a execución de plans sectoriais correspondentes ao ano 2011.
 6. Informar sobre a adaptación ao título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Adminis-

tración xeral e do sector público autonómico de Galicia, da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e a súa normativa de desenvolvemento.

7. Publicacións editadas polo ISSGA.
 8. Análise da sinistralidade laboral en Galicia 2010.
 9. Traslado do informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o pagamento de indemnizacións económicas pola asistencia ás reunións da Comisión de Goberno do ISSGA.
 10. Rolda de intervencións.
- Reunión en sesión ordinaria o día 10 de novembro coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 2/2011.
 2. Anteproxecto de orzamento de gastos do ISSGA para 2012.
 3. Informe de execución do primeiro semestre do Plan de actividades 2011.
 4. Avance de informes de execución de plans sectoriais do ano 2011.
 5. Observatorio Galego de Condicións de Traballo: información sobre accidentes mortais e graves 2010; informe de sinistralidade da poboación inmigrante; informe de sinistralidade por sobreesforzos; informe de sinistralidade por accidentes non traumáticos.
 6. Borrador do protocolo de resposta a solicitude de informes técnicos ao ISSGA.
 7. Rolda de intervencións.
 - Reunión en sesión ordinaria o día 15 de decembro coa seguinte orde do día:
 1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior núm. 3/2011.
 2. Someter para a aprobación o Plan anual de actividades do ISSGA de 2012.
 3. Aprobar o protocolo de resposta a solicitudes de asesoramento e asistencia técnica do Instituto.
 4. Rolda de intervencións.

I.1.2. Dirección do ISSGA

A dirección do Instituto correspóndelle á persoa que, con categoría de director ou directora xeral, se nomee por decreto da Xunta de Galicia por proposta do titular da consellería competente en materia de traballo.

As súas funcións, recollidas no artigo 6 da Lei 14/2007, son:

- Representar institucionalmente o Instituto.
- Dirixir os servizos administrativos do Instituto e desenvolver a xefatura do todo o persoal ao seu servizo.
- Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- Elaborar o borrador do anteproxecto de orzamento para a súa presentación á Comisión de Goberno.
- Representar legalmente o Instituto. Actuar como órgano de contratación e subscribir os convenios e os acordos que corresponda.
- Elaborar a memoria anual para a súa remisión á Comisión de Goberno.
- Proporcionarlles ás consellerías con competencias concorrentes na materia de seguridade e saúde laboral tanta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións.


A directora do ISSGA, **Adela Quinzá-Torroja García**, foi nomeada polo Decreto 361/2009 (DOG núm. 149 do 31 de xullo do 2009).

I.2. Órganos de xestión

As funcións dos órganos de xestión recóllense nos artigos 5 e 6 do Decreto 130/2008.

No desenvolvemento destas funcións, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos centros de seguridade e saúde laboral, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención de ris-

cos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.



A estrutura xeral dos centros territoriais indícase nas páxinas seguintes.


Centro ISSGA A Coruña



Centro ISSGA Lugo



Centro ISSGA Ourense



Centro ISSGA Pontevedra





2. Recursos

2.1. Recursos humanos

Para a xestión das súas funcións, o ISSGA conta cun cadro de persoal formado por 145 persoas, das que un 12,41% é persoal laboral e un 87,59%, funcionario. O 85,52% traballa nos centros territoriais e o 14,48% na sede da Dirección.


A creación do organismo autónomo e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros territoriais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro.

SEDES	Funcionarios	Laborais	Totais
Santiago	21	0	21
A Coruña	33	7	40
Lugo	17	3	20
Ourense	15	3	18
Pontevedra	41	5	46
Totais	127	18	145

DISTRIBUCIÓN POR SEDES DO ISSGA**DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍA DE PERSOAL**

Os postos de persoal técnico de prevención de riscos laborais supoñen unha porcentaxe significativa respecto ao total do cadro de persoal, tal e como se reflicte no cadro da páxina seguinte.

Sedes	Cadro de persoal	Cubertos	Técnicos de prevención de riscos laborais	Cubertos	Porcentaxe de técnicos
Santiago	21	20	7	6	33,3 %
A Coruña	40	37	21	21	52,5 %
Lugo	20	19	13	12	65,0 %
Ourense	18	18	11	11	61,1 %
Pontevedra	46	40	24	21	52,2 %
Totais	145	134	76	70	52,41 %



Na sede da Dirección do ISSGA, a través da Subdirección Xeral de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal mediante o programa informático CEPAL. Realízase toda a tramitación administrativa relacionada co persoal: tomas de posesión e cesamentos, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, licenzas e permisos, xestión das altas e baixas na Seguridade Social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

2.2. Recursos económicos

O orzamento do ISSGA vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o ISSGA dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico do 2011, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros territoriais e investimentos de carácter material e inmaterial, así como para o cumprimento das accións incluídas no Plan anual de actividades do Instituto.

ORZAMENTO DE INGRESOS (en euros)	
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP IV	6.223.034
ADMINISTRACIÓN XERAL - CAP VII	1.159.752
TOTAL	7.382.786

ORZAMENTO DE GASTOS (en euros)	
CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL	5.494.501
CAPÍTULO II. GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	728.533
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS:	1.159.752
Programa 324B	1.152.852
Programa 581A (Plan galego estadística)	6.900
TOTAL	7.382.786

2.3. Instalación e dotación de medios

Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2011 adxudicouse a contratación do servizo de limpeza polo procedemento aberto, no centro do ISSGA da Coruña (lote 1) e no centro do ISSGA de Pontevedra (lote 2). Expediente 01/2011.

Así mesmo, iniciouse a tramitación da contratación, seguida por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da explotación do servizo de cafetaría no centro do ISSGA en Pontevedra, publicada no DOG núm. 234, do 9 de decembro de 2011. Expediente 2/2011.

Informatización

Co obxectivo de contar cun sistema que sirva de apoio á xestión eficaz do organismo, e de acordo coas novas tecnoloxías, o Instituto realizou as seguintes actuacións nesta área:

- Mellora da páxina web do ISSGA para configurala como a plataforma básica de difusión e actualización permanente en prevención de riscos laborais de Galicia, con enlaces da páxina da Escola Galega de Prevención e o Observatorio Galego de Condicións de Traballo.
- Dotar o ISSGA dun sistema integrado e común que facilite a xestión e o acceso á información que se xera nas diferentes áreas de actuación preventiva de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo e vixilancia da saúde. No ano 2011 abórdanse as aplicacións de recoñecementos médicos do módulo de medicina e de contrato menor do módulo de administración.
- Adquisición de equipamento informático en modo *renting*, dentro do concurso centralizado convocado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Aplicación para a avaliación do Plan estratéxico prevención de riscos laborais 2011-2014.
- Desenvolvemento de bases de datos de apoio aos distintos programas do plan de actividades para mellorar a capacidade

de información e a súa calidade. Desenvólvense as seguintes: RERA, plans de traballo do amianto, habilitados, programa de accidentes por sobreesforzo, programa de protección das traballadoras embarazadas, programa de seguridade viaria laboral, programa de loita contra a sinistralidade e ligada ao laboratorio, a base de datos de cromatografía.

- Aplicacións web para a explotación de datos das enquisas de condicións de traballo e a explotación de datos dos partes de accidentes de traballo. Finalizadas as aplicacións web e en execución a ampliación da web de partes de accidentes de traballo (sistema base, ISSGA-partes 2, sistema precarga, localización de altas e partes sen baixa).

Dirección do ISSGA e centros territoriais

Deuse continuidade ás necesidades de equipamento e adecuación das instalacións do ISSGA.

No centro da Coruña dótese de mobiliario ao Departamento de Ergonomía e o Salón de Actos, acondiciónase a calefacción interior e o sistema de aireación, o aparcadoiro sur, a sinalización do centro e iníciase a substitución das luminarias da primeira planta para reducir o gasto de electricidade. Tamén se adquiriron un tonómetro e un radiómetro.

No centro de Pontevedra executáronse as obras de reparación dos tellados do edificio principal e da Escola Galega de Prevención, e iniciouse o sistema de redución do gasto do consumo de electricidade.

No centro de Ourense adecuouse un espazo para aparcadoiro e reparouse o cadro eléctrico e o pararraios. Adquiríronse dous negatoscopios para o Departamento de Medicina Laboral.

No centro de Lugo dótese dun sistema de apertura automática de acceso ao edificio e acondiciónanse os cristais e iníciase a substitución das luminarias do centro.

Nos centros de Lugo e Pontevedra, adquírese unha fotocopiadora

Solicítase a autorización sanitaria dos centros do ISSGA da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, conforme ao Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

3. Actividade institucional

3.1. Normativa

A continuación preséntase unha relación da principal normativa tramitada no ano 2011.

- Orde do 14 de outubro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes no ISSGA (DOG núm. 213, do 8 de novembro).
- Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (DOG núm.249 do 30 de decembro do 2011).

3.2. Accións de promoción

3.2.1. Campañas e actos de presentación

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización:

- **Promoción da prevención de riscos laborais a través da Escola de Prevención Galega**

A Escola Galega de Prevención ten como finalidade concienciar á sociedade da importancia da prevención de riscos laborais dende os primeiros anos de vida, dende a escola e o fogar ata o futuro posto de traballo. Pretende formar a vocación preventiva dun xeito ameno e divertido para que os pequenos actúen de correo de transmisión cara aos seus maiores.

Unha vez establecido xa, nun espazo totalmente acondicionado, lévanse adiante actividades de información, formación e divulgación en prevención de riscos laborais por persoal cualificado. O local dispón de aulas de formación (cursos, xornadas...), biblioteca (zona de lectura, área interactiva...), aulas de prevención (con diversos escenarios en tamaño real que recrean situacións de risco de forma temática). Así mesmo, dispón dunha páxina web e elabórase diverso material relacionado coa prevención (guías técnicas, folletos, revistas, cómics, concurso, xogos preventivos...).

A Escola recibiu a visita de grupos e de centros educativos, fundamentalmente de educación primaria, de Redondela, Santa María da Fonsagrada (15 de xuño), Praza de Barcelos de Pontevedra (16 de xuño) e Viaño Pequeno de Trazo (16 de xuño).

O día 27 de abril de 2011, véspera do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, visitou a Escola o presidente da Xunta e a conselleira de Traballo e Benestar.

Escola Galega de Prevención	
NÚMERO DE CENTROS EDUCATIVOS	5
NÚMERO DE GRUPOS	11
ALUMNOS	249

- **Campaña informativa sobre amianto dirixida aos administradores de predios de Galicia**

O ISSGA, dando cumprimento ao planificado no seu Plan de actividades do ano 2011, dirixe unha circular informativa a 423 administradores de predios de Galicia, e elabora un tríptico divulgativo co fin de informar sobre a presenza de amianto nos edificios e as responsabilidades cando se executan obras que afectan aos materiais con amianto. Esta campaña pretende achegarlles esta información ás comunidades de propietarios por medio dos seus administradores.

Na busca da máxima difusión desta campaña, solicitouse tamén a colaboración e apoio do Colexio Oficial de Administradores de Predios de Galicia e do seu órgano directivo, por medio dunha carta enviada ao presidente da Xunta de Goberno deste colexio.

- Campaña informativa sobre amianto dirixida a empresas que teñen como actividade a reparación e montaxe de cubertas e ás que realizan demolicións de edificios e construcións diversas

No marco da campaña elaborouse unha circular que fai fincapé no risco que poden correr os traballadores que se enfrontan a estes materiais, infórmaselles da necesidade de que estes traballos se fagan por empresas debidamente autorizadas: inscritas no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA) e contar cun plan de traballo aprobado pola autoridade laboral no que se detallen as medidas de prevención e protección que se van a aplicar, infórmaselles tamén de que deben dirixirse ao ISSGA para realizar os trámites de autorización e ofréceselles o asesoramento dos seus técnicos para calquera dúbida que teñan ao respecto.

A circular acompáñase de material divulgativo que foi elaborado polo ISSGA e que está dispoñible na súa web. Explica onde se pode atopar o amianto, as enfermidades que pode producir e a maneira de controlar o risco.

- Campaña informativa sobre amianto dirixida ás asociacións profesionais que abranguen colectivos como son os fontaneiros e instaladores de calefacción, climatización ou gas

Elaborouse unha circular informativa que incide no risco que poden correr os traballadores que se manexan este material, infórmaselles da necesidade de que estes traballos se fagan por empresas debidamente autorizadas: inscritas no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA) e cun plan de traballo aprobado pola autoridade laboral no que se detallen as medidas de prevención e protección que se van a aplicar, infórmaselles tamén de que deben dirixirse ao ISSGA para

realizar os trámites de autorización e se lles brinda o asesoramento dos seus técnicos para calquera dúbida ao respecto.

Esta circular acompañouse de material divulgativo que foi elaborado polo ISSGA, e que está dispoñible na súa web. Explica onde se pode atopar o amianto, as enfermidades que pode producir e a maneira de controlar o risco.

- **Campaña para a prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura**

Editouse a primeira guía técnica de prevención de riscos laborais no sector da baixura, que está dirixida aos traballadores que están organizados dentro das confrarías de pescadores de Galicia. En concreto, está destinada aos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura que aglutina ao redor de 15.000 persoas cunhas características especiais de traballo en Galicia. A guía foi elaborada en colaboración co Servizo de Prevención Mancomunado Mar Seguro de Galicia e as confrarías de pescadores.

A campaña presentouse o día 20 de febreiro en Cambados (Pontevedra) que persegue promover e fomentar a formación dos axentes implicados na prevención.

- **Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo**

Cobertura especial en Correo TV, cun programa de debate sobre a seguridade e saúde laboral coa presenza do ISSGA e dos axentes socias e en Radio Líder realizouse unha entrevista sobre o Plan de actividades do ISSGA para o 2011.

- **Campaña de prevención de riscos laborais no sector do mar 2011**

En colaboración co Servizo de Prevención Mancomunado Mar Seguro, asesoráronse directamente a 250 embarcacións coa tripulación en réxime laboral de autónomos. Realizouse-lles un estudo epidemiolóxico nas áreas de medicina laboral dos centros do ISSGA da Coruña, Lugo e Pontevedra a un total de 850 persoas traballadoras das artes de marisqueo a

pé, percebeiras, redeiras, traballadores das lonxas, mergullo, marisqueo a flote e pesca de baixura. Fíxose un estudo sobre as causas de accidentabilidade do sector no que se abordan 16 parámetros (antigüidade, idade, nacionalidade, día da semana, situación profesional, lugar do accidente no barco, horas de traballo realizadas, hora do accidente, gravidade da lesión, tipo de lesión, provincia onde foi o accidente, lugar no que se produce, parte do corpo lesionado, mes do accidente, tipo de sistema de prevención e se ten realizada a avaliación de riscos laborais) e houbo charlas informativas en 62 das confrarías de Galicia. O ISSGA tivo presenza con esta campaña na Feira do Mar de Burela e en Laboralia Valencia.

- **Campaña de mariscadoras para previr enfermidades vinculadas ao seu labor**

Presentouse un avance de resultados na Illa de Arousa o día 9 de novembro. Trátase dun estudo epidemiolóxico a preto de 440 mariscadoras co fin de detectar as causas das enfermidades relacionadas co traballo deste colectivo e, desta maneira, poder asesoralas en medidas axeitadas de prevención. Esta iniciativa desenvólvese ao abeiro do convenio de colaboración asinado polo ISSGA coa Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías. No estudo participan 32 confrarías galegas. Os recoñecementos médicos chegarán a 1.077 mariscadoras, das que 552 (un 51% do total) traballan na provincia de Pontevedra, 476 (un 44%) na Coruña e 49 (un 5%) na de Lugo. No estudo ademais, están participando outros colectivos como redeiras, percebeiras e traballadores do marisqueo de inmersión, aínda que en menor proporción.

- **Campaña sobre seguridade viaria**

Editáronse 2.000 guías didácticas enfocadas á actividade da Escola Galega de Prevención e realizouse un curso de condución segura dentro do acordo marco asinado coa Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) para fomentar a seguridade viaria nas empresas.

- Campaña de prevención da fatiga na condución: un refresco, o teu mellor combustible

Campaña en colaboración co Real Automóvil Clube de España (RACE) e a Asociación Nacional de Fabricantes de Bebidas Refrescantes Alcohólicas (Anfabra), e está encamiñada a concienciar os traballadores e as traballadoras da importancia de adoptar hábitos saudables ao volante. Esta campaña conta coa distribución de 10.000 dípticos informativos e de 300 carteis para as empresas. Inclúe tamén a realización de 100 cursos gratuítos de formación en liña en materia de seguridade viaria para responsables de prevención de riscos nas empresas a través da Academia RACE e pon a disposición unha páxina web onde poden consultarse informes e estudos sobre a fatiga.

- Campaña de sensibilización en prevención de riscos laborais en centros de persoas con discapacidade ocupacionais da Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade intelectual (Apsnais)

Visita ao centro ocupacional da Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual (Apsnais) en Lugo.

- Campaña de redución de riscos por sobreesforzo na hostalería e no turismo. Cartel e tríptico informativo

Campaña feita en colaboración coa Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (Cehosga). Elabóranse 5.000 carteis e trípticos, dirixidos a 15.000 profesionais do sector de aloxamentos turísticos mediante o encarte na revista de periodicidade mensual *Canal Hostalería*.

- Xornadas internas do Plan anual de actividades do ISSGA 2011

Centros do ISSGA da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, febreiro.

Xornadas internas de análise para a posta en marcha do Plan de actividades do ISSGA para o 2011

- **Presentación aos medios de comunicación dos datos da sinistralidade laboral en Galicia 2010**
Santiago de Compostela, 23 de febreiro
- **Presentación aos medios de comunicación do Plan anual de actividades do ISSGA 2011**
Santiago de Compostela, 24 de febreiro
- **Acto de sinatura do convenio de colaboración coa Cámara Oficial Mineira en materia de prevención de riscos laborais**
A Coruña, 22 de marzo
- **Divulgación do Plan anual de actividades do ISSGA 2011**
Xornal *Empresa e Finanzas*, abril e maio
Divulgación dos contidos do Plan de actividades do ISSGA para o 2011
- **Declaración Institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo**
Centro do ISSGA de Pontevedra, 28 de abril
Lectura da *Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Internacional da Seguridade e Saúde no Traballo* pola conselleira de Traballo e Benestar, no acto presidido polo presidente da Xunta de Galicia, no centro do ISSGA en Pontevedra
- **Entrevista *El Correo Gallego*. A previsión laboral non só é obrigatoria, senón rendible**
Santiago de Compostela, 1 de maio

- Acto de presentación das accións dirixidas ás pemes a aos autónomos pola directora do ISSGA

Santiago de Compostela, 12 de maio

- Acto de sinatura do convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) en materia de formación, investigación e divulgación de prevención de riscos laborais

Santiago de Compostela, 24 de maio

- Acto de presentación da guía de boas prácticas en prevención de riscos laborais no sector eléctrico na Asociación Provincial de Industriais Electricistas e de Telecomunicacións de Lugo (APIEL)

Lugo, 10 de xuño

Acto presidido pola delegada territorial da Xunta en Lugo, polo presidente de APIEL e a directora do ISSGA.

- Acto de entrega de diplomas dos cursos básicos de prevención de riscos laborais do Plan Ferrol

Ferrol, 20 de xuño

- Acto de presentación da campaña de redución de riscos por sobreesforzo na hostalería e no turismo

Santiago de Compostela, 22 de xullo

- Presentación aos medios da evolución convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o ISSGA, en materia de información e formación en prevención de riscos laborais no sector do agro galego

Santiago de Compostela, 26 de xullo

- Presentación aos medios do acordo de colaboración entre Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) e o ISSGA para a formación de técnicos do ISSGA en condución segura para fomentar a seguridade vial nas empresas

Santiago de Compostela, 26 de setembro

- *Presentación da Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro*

Redondela, 10 de outubro

Acto inaugurado pola conselleira de Traballo e Benestar e clausurado polos directores dos Institutos de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi

- Acto de presentación da campaña para a correcta manipulación e retirada do amianto dirixida a máis de 300 empresas galegas

Santiago de Compostela, 17 de outubro

- Acto de presentación do avance dos resultados do estudo epidemiolóxico en marisqueo a pé

A Illa de Arousa, 9 de novembro

- Mesa redonda sobre prevención de riscos laborais en centros de persoas con discapacidades

Lugo, 14 de decembro

Mesa redonda en colaboración co xornal *El Progreso* sobre os principais riscos laborais nos talleres ocupacionais da Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual (Apsnais).

3.2.2. Participación institucional e/ ou técnica en congresos e outros foros

O ISSGA estivo presente en varios congresos e eventos relacionados coa prevención de riscos laborais coa participación institucional, intervencións en foros e relatorios e coa instalación de varios postos dedicados á difusión das súas actividades.

- **SHO 2011**

Guimaraes, Portugal, 10 e 11 de febreiro

Participación institucional. Relatorio da directora do Instituto: A prevención de riscos laborais en Galicia. Principais actuacións do ISSGA

- **Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Xornada técnica sobre seguridade viaria e prevención de riscos laborais: actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social**

Madrid, 17 de febreiro

- **Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT). Xornada Técnica dos trastornos musculoesqueléticos (TME): estratexias para una prevención eficaz**

Madrid, 24 de febreiro

- **Fundación CIP. Acto de entrega do VI Premio e Excelencia na Xestión da Prevención de Riscos Laborais**

A Coruña, 25 de febreiro

Acto presidido pola conselleira de Traballo e Benestar coa presenza do director xeral de Relacións Laborais e a directora do ISSGA

- IV Congreso de Prevención de Riscos Laborais de Castela e León

León, 8 e 9 de marzo

Caseta e participación institucional. Relatorio da directora do instituto: Campañas de sensibilización en materia de prevención de riscos laborais

- II Congreso de Prevención de Riscos Laborais da Rexión de Murcia

Murcia, 24 e 25 de marzo

Caseta e participación institucional

- XIII Xornadas galegas sobre condicións de traballo e saúde da Asociación de Graduados Sociais de Ferrol e a Universidade da Coruña

Ferrol, 30 e 31 de marzo e 1 de abril

Participación institucional. Relatorio da directora do Instituto sobre o Plan de actividades do ISSGA do 2011, no marco do Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais.

Mesa redonda sobre a colaboración dos Institutos de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), Asturias, Cantabria e País Vasco (OSALAN), na que participaron da técnica do ISSGA, Nieves Lorenzo Espeso e do xefe do centro do ISSGA de Pontevedra, José Antonio Rodríguez Arribe, e moderada polo subdirector xeral Técnico e de Planificación do ISSGA, José Rega Piñeiro

- Taller de ergonomía con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo, organizado pola empresa GKN DRIVELINE

Vigo, 26 de abril

Participación técnica. Obradoiro de ergonomía para persoal do servizo de prevención, delegados de prevención e persoal

técnico da empresa impartido pola técnica do ISSGA María Jesús Copa Arias

- Xornada técnica: Protección contra riscos e danos oculares no traballo con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo e organizada pola Confederación de Empresarios de Pontevedra

Pontevedra, 28 de abril

Participación institucional. Acto de apertura da directora do ISSGA

- Xornada técnica: Novidades lexislativas e reflexións sobre o mantemento seguro e preventivo con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo e organizada pola Confederación de Empresarios de Ourense

Ourense, 28 de abril

Participación institucional. Acto de apertura e presentación do Plan de actividades do ISSGA para o 2011 do xefe do centro do ISSGA en Ourense, Ángel López Álvarez

- Xornada técnica PRL: Como afrontar a súa xestión en pemes e micropemes con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo e organizada pola Confederación de Empresarios de Lugo

Lugo, 28 de abril

Participación institucional. Relatorio sobre a Estratexia de prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014 e as principais actuacións do ISSGA da xefa do centro do ISSGA en Lugo, Nieves Novo Lodeiro

- Xornada técnica: Prevención de riscos laborais na manipulación de amianto con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo e organizada pola Confederación de empresarios de Galicia

Santiago de Compostela, 28 de abril

Participación técnica. Relatorio sobre os criterios para a realización dos plans de traballo con risco de amianto da técnica do ISSGA Lucía Ferrón Vidán

- **VI Laboralia, Feria Integral da Prevención, Protección, Seguridade e Saúde Laboral**

Valencia, 3, 4 e 5 de maio

Caseta institucional

- **Ágora Internacional de Seguridade viaria**

Valencia, 3 e 4 de maio

Participación institucional

- **Previsel Salón da Prevención e Seguridade Laboral**

Ourense, 3 e 4 de maio

Caseta institucional e participación dos técnicos do centro ISSGA de Ourense, Juan Manuel Rodríguez Lorenzo, Roberto, Juan Crespo Vázquez, Estrella Cancio Fernández, Héctor González Novoa e do xefe do centro, Ángel López Álvarez.

- **Xornadas de traballo do marisqueo a pé**

Santiago de Compostela, 11 e 12 de maio

Participación institucional. Relatorio da directora do ISSGA sobre a prevención de riscos laborais no sector de marisqueo a pé

- **Feira de Mostras de Ourense Femaga- Feira dos Autónomos de Galicia**

Ourense, 14 ao 17 de maio

Caseta e participación institucional

- Xornada técnica: Saúde laboral 16 anos despois organizada polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO)

Santiago de Compostela, 7 de xuño

Participación institucional. Relatorio da directora do Instituto: O ISSGA: marco de actuacións, funcións e principais actuacións 2011

- Curso de verán de seguridade e saúde laboral da Universidade do País Vasco e OSALAN

Donostia, 20-22 de xuño

- Xornada técnica sobre códigos de boas prácticas do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)

Madrid, 30 de xuño

Participación institucional. Relatorio da directora do Instituto: A prevención de riscos laborais en Galicia. Principais actuacións do ISSGA

- I Xornada Internacional de valorización da pesca artesanal

Santiago de Compostela, 11 de xullo

Participación técnica do xefe do centro do ISSGA de Pontevedra, José Antonio Rodríguez Arribe

- Curso de verán: Estrés e saúde: a saúde nas profesións con alto risco de estrés da Universidade de Santiago de Compostela

Sanxenxo, 19 e 20 de xullo

Participación institucional. Relatorio da directora do ISSGA: Referencias aos riscos psicosociais na estratexia galega de prevención

- XVII Xornadas da Sociedade Galega de prevención de riscos laborais, con participación do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), Servizo Galego de Saúde (Sergas), Sociedade española de médicos de atención primaria (Semerge) e Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais (Matepss)

Lugo, 24 de setembro

Participación institucional. Conferencia de clausura da directora do ISSGA e mesa redonda moderada pola técnica do ISSGA, Nieves Lorenzo Espeso

- Fundación Fuego e Seganosa. I Congreso de Formación como Estratexia ante Emerxencias

Mondariz, 28, 29 e 30 de setembro

Participación técnica. Mesa de debate moderada polo xefe do centro do ISSGA de Pontevedra José Antonio Rodríguez Arribe

- XI Encontro Euroamericano Risco e Traballo, organizado pola Universidade de Salamanca e a Fundación MAPFRE e a colaboración da Xunta de Castela e León e o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)

Salamanca, do 18 ao 20 de outubro

Participación institucional. Relatorio da directora do ISSGA: Políticas significativas en Prevención de Riscos Laborais

- V Congreso Internacional Hispano-francófono de Medicina Marítima, organizado pola Universidade da Coruña, a Sociedade Española de Medicina Marítima e a Société Française de Médecine Maritime

A Coruña, 20 e 21 de outubro

Participación técnica. Relatorios sobre a sinistralidade laboral na pesca en Galicia do xefe do centro do ISSGA en Pontevedra, José Antonio Rodríguez Arribe, e sobre *a Guía da vixi-*

lancia da saúde no sector pesqueiro da técnica do ISSGA
Nieves Lorenzo Espeso

- **Xornada sobre o risco químico na sede de Asime (Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia)**

Vigo, 24 de outubro

Participación institucional e técnica. Presentación da directora do ISSGA e relatorio sobre a xestión do risco químico da técnica do ISSGA Lucía Ferrón Vidán

- **III Seminario Seveso. Foro de Prevención de Riscos Laborais na sede da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA)**

Santiago de Compostela, 24 e 25 de outubro

Participación institucional e técnica da directora do ISSGA, do xefe do centro ISSGA da Coruña, Miguel Martínez Losada e das técnicas do ISSGA Lucía Ferrón Vidán e Nieves Lorenzo Espeso

- **V Encontro Mostra Asociativa Xuvenil. I Foro Emprende**

Vilagarcía de Arousa, do 28 ao 30 de outubro

Participación en caseta institucional

- **Entrega de premios da Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Lugo (Apec)**

Lugo, 7 de novembro

Participación como xurado da xefa do centro do ISSGA en Lugo, Nieves Novo Lodeiro e participación institucional no acto de entrega presidido pola conselleira de Traballo e Benestar, o director xeral de Relacións Laborais e a directora do ISSGA

- **Seminario público: Empresa e prevención: novos retos, organizado pola Confederación de Empresarios de Galicia**
Santiago de Compostela, 8 de novembro
Participación institucional no acto de clausura
- **Asemblea Xeral da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao**
Teo, 12 de novembro
Participación institucional da directora do ISSGA e a técnica do ISSGA Nieves Lorenzo Espeso, xunto con representantes das Consellerías do Medio Rural e do Mar e Economía e Industria
- **Congreso de Medicina e Seguridade no Traballo organizado pola Sociedade Española de Medicina e Seguridade no Traballo (SEMST)**
Bilbao, 17 e 18 de novembro
Participación técnica. Mesa redonda técnica-médica sobre a *Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro* na que participa a técnica do ISSGA, Nieves Lorenzo Espeso
- **XIV Congreso Estatal do Voluntariado**
A Coruña, do 29 de novembro ao 1 de decembro
Participación institucional
- **Feira de Mostras da Coruña Femaga - Feira de Autónomos de Galicia**
A Coruña, do 3 ao 8 de decembro
Caseta e participación institucional

- **II Ciclo Directivos e Saúde. Margin Call**, organizado pola Asociación para o progreso da dirección, APD

A Coruña, 12 de decembro

Participación institucional. Coloquio no que participa a directora do ISSGA: Crise financeira: leccións aprendidas... e por aprender. Os riscos psicosociais da crise

- **Encontro: As empresas e a prevención de riscos laborais en tempo de crise**, organizado pola Asociación para o Progreso da Dirección, APD

Santiago de Compostela, 13 de decembro

Participación institucional. Relatorio da directora do ISSGA: Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014 así como as principais actividades do ISSGA en 2011

- **Fundación Centro de Iniciativas Profesionais (CIP). Acto de entrega do VII Premio e Excelencia na Xestión da Prevención de Riscos Laborais**

Vigo, 15 de decembro

Acto presidido polo director xeral de Relacións Laborais e a directora do ISSGA

3.3. Publicacións

Ao longo deste ano o ISSGA vén de publicar unha serie de documentos en formato impreso que tamén se poden descargar da páxina web do ISSGA en formato dixital.

- **Follas de Prevención**

Publicación mensual, en galego e castelán, en formato papel e dixital coa que se pretende a divulgación de temas relacio-

nados coa prevención de riscos laborais. Editáronse as seguintes:

- Núm. 24 Alcohol e traballo
- Núm. 25 Prevención de riscos laborais de orixe eléctrica (I)
- Núm. 26 A comunicación do risco químico (I)
- Núm. 27 Risco eléctrico en baixa tensión
- Núm. 28 A comunicación do risco químico (II)
- Núm. 29 Prevención de riscos laborais na pesca con artes de enmalle

- **Avance da sinistralidade laboral en Galicia 2010**

Publicación na que se amosan datos de interese estatístico con carácter previo á publicación do Anuario de sinistralidade laboral.

- **Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2010**

Monografía dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2010. Ademais, cada libro leva un CD en bolsa adhesiva. Publicado no mes de xuño e dispoñible tamén na páxina web do ISSGA.

- **Informe de actividade 2010**

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse o informe das actividades realizadas durante todo o ano 2010. Este documento tamén está dispoñible na páxina web do ISSGA.

- **Programa de actividades formativas do ISSGA 2011**

Programa editado en formato papel que tamén esta dispoñible na páxina web.

- **Trípticos de riscos por amianto**

Reeditáronse dous trípticos:

- Riscos por amianto: obrigas das empresas
- Risco por amianto na construción

Elaborouse un novo tríptico:

- Amianto nos edificios: información para as comunidades de propietarios

- **Cartel informativo da nova etiquetaxe dos produtos químicos**

Publicación en castelán dun dos carteis elaborados o ano pasado con motivo da publicación do Regulamento CE núm. 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, sobre os aspectos máis salientables que hai que ter en conta segundo a nova etiquetaxe.

- **Análise dos accidentes laborais por sobreesforzos. Ano 2009**

Estudo baseado nos datos obtidos da comunicación de accidentes de traballo e de recaídas destes, tanto para poñer de manifesto o grao de utilidade da información dispoñible desta forma, como de sacar algún tipo de información orientativa sobre aqueles accidentes de traballo con orixe por sobreesforzo que son máis proclives a producir ou a manifestarse co tempo en forma de enfermidade.

- **Estudo dos accidentes laborais non traumáticos. Anos 2006-2009**

Estudo dos accidentes non traumáticos, considerados aqueles que acontecen sen axente físico externo que lle cause lesións ao traballador. Teñen a súa orixe en infartos, derramos e outros accidentes vasculares, os cales aparecen tipificados nos partes de accidente comunicados, a través do sistema Delt@ (Declaración electrónica de traballadores accidentados).

- **Políptico sobre os produtos químicos perigosos: a nova etiqueta**

O ISSGA reeditou o políptico elaborado o ano pasado no que se indican cales son os novos elementos que deben figurar na etiqueta e como interpretar este novo sistema de comunicación do risco, de acordo co Regulamento CLP (Regula-

mento CE num. 1272/2008) sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas é o que regula agora a clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos.

Ademais do políptico, elaborouse tamén unha versión dixital en formato folleto.

- **Manual de prevención de riscos laborais**

O ISSGA reedita os manuais de cursos básicos de prevención de riscos laborais que se imparten dentro da súa oferta formativa anual.

- **Tratado para a prevención de riscos laborais. Sector eléctrico**

Reedición, en colaboración ca Federación Galega de Asociacións de Instaladores Eléctricos e Telecomunicacións (Fegasi-nel) –formada por Asinec; por Apiel e por Instalelectro (Asociación Autónoma de Empresarios de Instalacións e Reparacións Eléctricas e de Telecomunicacións de Ourense), a publicación sobre o risco eléctrico que o ISSGA editou a finais do pasado ano en colaboración coa Asociación Provincial de Industriais Electricistas e de Telecomunicacións da Coruña (Asinec).

É unha publicación innovadora polo seu estilo sinxelo e alcanzable, cuns contidos eminentemente prácticos que recollen os riscos deste tipo de traballos, as precaucións e as normas operativas de seguridade que hai que ter en conta cando se realizan traballos ou manobras en instalacións ou con equipos eléctricos. A publicación inclúe, asemade, un decálogo de boas prácticas para un exercicio laboral máis seguro.

- **Carteis e trípticos de prevención de riscos laborais por sobreesforzos. Comercio e hostalería.**

Material informativo, folletos e polípticos dirixidos aos traballadores, nos que con carácter diferenciado se identifican, tanto para o sector da hostalería como para o do comercio, os factores de risco, causas físicas e organización do traballo, así como medidas preventivas a adoptar para evitar lesións musculoesqueléticas.

Este material forma parte dunha campaña co obxectivo de concienciar aos profesionais para que afronten o desenvolvemento da súa actividade con actitudes máis ergonómicas, evitando posturas incómodas, tarefas repetitivas ou esforzos prolongados, e aplicando técnicas ergonómicas na manipulación de cargas.

- **Guía didáctica sobre seguridade viaria**

Publicación elaborada no marco da Escola Galega de Prevención que recolle información e actividades relacionada coa seguridade viaria e destinada aos nenos e nenas de educación primaria

- **Tríptico sobre primeiros auxilios**

Folleto no que se recollen consellos e recomendacións que hai que ter en conta en caso de ter que realizar actuacións de primeiros auxilios a un accidentado.

- **Díptico e cartel sobre a fatiga na condución**

Material informativo en materia de seguridade viaria no que se recollen consellos e recomendacións para previr a fatiga na condución.

- **Trípticos sobre prevención de riscos laborais no agro**

Elaboración de tres trípticos sobre seguridade cos tractores, seguridade fronte aos praguicidas e a lei de prevención de riscos laborais no sector gandeiro.

- **Guías básicas: seguridade, hixiene, ergonomía e equipos de protección individual**

Elaboración dunha serie de catro guías básicas sobre seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e equipos de protección individual.

- **Análise dos accidentes laborais da poboación inmigrante - Ano 2009**

Estudo dos accidentes laborais da poboación inmigrante. Analízanse os datos dos accidentes laborais acontecidos en Galicia e se teñen unha relación significativa cos sectores e ocupacións dos traballadores estranxeiros.

- **Avaliación do risco de exposición a po e ruído en talleres de pedra natural en Pontevedra 2009**

Estudo sectorial nos talleres de elaboración de pedra natural da provincia de Pontevedra. A elaboración de pedra natural presenta, ademais doutros máis xerais, os riscos específicos derivados da posibilidade de exposición ao po e ao ruído, que en casos extremos, poderían derivar en danos para a saúde como a silicose e a hipoacusia ou xordeira profesional respectivamente.

- **Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro**

Guía específica de vixilancia da saúde para cada tipo de actividade dentro do sector (pesca de baixura e artesanal, marisqueo a pé, gran altura e actividades auxiliares). Esta primeira corresponde ao colectivo das flotas de baixura e artesanal, porque son áreas que empregan un maior número de persoas e se trata probablemente do ámbito no que menos se desenvolveu un sistema de prevención da saúde, debido, entre outras cousas, a que a maioría son autónomos.

- **Análise da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico - Ano 2010**

Estudo que ten como obxectivo dar unha visión máis polo miúdo dos accidentes laborais acontecidos en ou por causa dun medio de transporte terrestre, de xeito que se poidan extraer conclusións efectivas para a súa prevención e redución.

- **Avaliación dos Plans de Loita. 2008 – 2010**

Estudo que analiza o número de traballadores, o de accidentes e os valores dos índices de sinistralidade das empresas incluídas nos plans, tanto para o conxunto coma en agregacións por sectores.

3.4. Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden formular. Este protocolo pretende dar resposta ás consultas que entran no ISSGA, cun criterio común e un límite de tempo establecido para garantir un estándar de calidade neste servizo.

As consultas técnicas poden chegar ao ISSGA de diversos xeitos, entre os que destacamos:

- Páxina web do ISSGA: na páxina existe unha sección chamada *Contacta connosco* no que o usuario só ten que cubrir un formulario para enviar a súa consulta
- Teléfono: os usuarios poden chamar directamente aos centros territoriais ou á Dirección do ISSGA
- Outros medios: correo postal, escritos ou instancias que entren por rexistro, fax, etc.

O número de consultas atendidas é o seguinte:

Consultas escritas	463
--------------------	-----

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén dá resposta a outro tipo de cuestións relacionadas cos cursos programados e coa dispoñibilidade de material didáctico ou solicitudes de publicacións e outro material impreso.

3.5. Formación interna

Ao longo deste ano 2011 realízanse accións formativas de actualización e mellora para os técnicos do ISSGA.

- **Curso Seguridade en traballos verticais**

Curso de modalidade mixta no que a parte teórica se fixo a distancia e a parte práctica tivo lugar no Centro do ISSGA da Coruña, impartida por técnicos especialistas en traballos en altura durante o mes de febreiro.

Asistentes: 30

- **Curso: Aplicación da metodoloxía Innermap de avaliación de riscos psicosociais – Programa Psicomap 2.0**

Curso presencial dirixido aos técnicos que realizan tarefas relacionadas cos riscos psicosociais, que tivo lugar o 1 de marzo na EGAP.

Asistentes: 18

- **Curso: Formación e prevención de riscos laborais no tráfico**

Curso en liña, en colaboración co RACE, que tivo lugar durante o mes de febreiro para reforzar os coñecementos relacionados coa seguridade viaria.

Asistentes: 16

- **Curso: Marcadores biolóxicos en saúde laboral**

Curso incluída na programación formativa da EGAP para formar os técnicos de saúde laboral e técnicos de hixiene do ISSGA acerca da utilidade e estratexias do emprego dos marcadores biolóxicos e a monitorización biolóxica. Tivo lugar na EGAP, do 28 ao 30 de marzo.

Asistentes: 30

- **Curso: Introducción á ergonomía. Avaliación do risco asociado á carga física de traballo**

Tivo lugar o 11 e 12 de abril na EGAP (Santiago de Compostela) e estivo dirixido aos técnicos que realicen actividades relacionadas coa ergonomía sobre a utilización de diversos métodos e ferramentas informáticas.

Asistentes: 23

- **Curso: Formación de teletitores/as e introdución a Moodle**

Curso de modalidade mixta, cunha duración de 30 horas, que tivo lugar nos meses de marzo e abril, co obxectivo de mellorar na planificación e desenvolvemento de actividades de teleformación.

Asistentes: 4

- **Curso de conducción segura para turismos e todoterreos**

Curso presencial co obxectivo de reforzar hábitos de conducción segura, que tivo lugar do 17 ao 21 de outubro en Forcarei, A Estrada.

Asistentes: 40

- **Curso de investigación de accidentes. Indicios, testemuños e causas**

Curso presencial dirixido aos técnicos que realizan tarefas relacionadas coa investigación de accidentes, que tivo lugar do 26 ao 27 de outubro na EGAP.

Asistentes: 25

- **Curso de creación e manexo de wikis**

Curso presencial co obxectivo de formar aos técnicos na creación e manexo de wikis, que tivo lugar o 4 de novembro no Edificio Administrativo de San Lázaro.

Asistentes: 14

3.6. Participación en grupos de traballo e xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

3.6.1. Grupos de traballo de ámbito autonómico

- **Do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral**

No seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, acórdase a constitución de dous grupos técnicos de traballo (amianto e silicose) co fin de contribuír á mellora das condicións de traballo e á prevención dos riscos específicos relacionados con cada un dos grupos de traballo, establecendo medidas de asistencia e apoio ás empresas.

- **Grupo de traballo de amianto**

A finalidade deste grupo de traballo é facer un seguimento do grao de cumprimento da normativa sobre amianto na nosa comunidade, e propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa, ou mesmo impulsar iniciativas xa postas en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas. As actuacións, dirixidas a diferentes colectivos e sectores se é o caso, poderán ser de tipo informativo, de asesoramento, ou de estudo/investigación para a mellora das medidas técnicas de prevención e protección nos traballos con amianto.

- **Grupo de traballo de silicose**

Este grupo ten a finalidade do seguimento do grao de cumprimento da normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais nos traballos con maior exposición a po de sílice na nosa comunidade autónoma. Propoñer e impulsar a posta en marcha de actuacións conxuntas para un mellor cumprimento da normativa e dos métodos de avaliación da exposición, sen deixar de lado outros riscos hixiénicos aos que está exposto este sector. Impulsar iniciativas xa postas

en marcha por organismos ou organizacións empresariais ou sindicais concretas dirixidas a estes mesmos fins.

- **Do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral**
 - **Grupo de traballo para avaliar a situación dos comités provinciais de seguridade e saúde laboral**

Finalidade: avaliar a situación actual dos Comités provinciais con base no disposto na disposición transitoria segunda da Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

- **Grupo de traballo para establecer as actuacións en materia de prevención de riscos laborais no ámbito educativo**

Finalidade: estudar as actuacións máis idóneas e necesarias para acadar o obxectivo final de integrar a prevención de riscos laborais no ámbito educativo e elevar as propostas de accións ás consellerías con competencia en materia de traballo e educativa.

- **Grupo de traballo VLA-ED por inhalación de po e sílice**

Finalidade: obter información sobre as tecnoloxías e procesos de traballo que minimicen as concentracións de po nos lugares de traballo expostos ao po de sílice cristalina. Neste grupo participou tamén a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, o Instituto Nacional de Silicose, a Mutua Fremap e representantes dos sectores da lousa, áridos e granitos.

- **Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais**

Por resolución do 20 de setembro de 2010 da dirección do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral créase a Comisión Permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, con base no disposto no Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do ISSGA.

A súa finalidade é propoñer as directrices de avaliación do risco para a saúde da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación; asesorar as actuacións especiais en materia de prevención de riscos sobre sectores laborais feminizados realice a Administración pública autonómica e atender as peticións de asesoramento que reciba, para o que se facilitarán os criterios e as alternativas para unha correcta aplicación da prevención de riscos laborais.

3.6.2. Grupos de traballo de ámbito estatal

- **Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo**

A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) é o órgano colexiado asesor das administracións públicas na formulación das políticas de prevención e o órgano de participación institucional en materia de Seguridade e Saúde no Traballo (artigo 13 da Lei de Prevención de Riscos Laborais).

Para o desempeño dos seus labores, a CNSST funciona en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo, conforme á normativa que establece o seu regulamento de funcionamento interno.

É de destacar a intensa actividade dos grupos de traballo, grazas á cal se presentaron ao pleno propostas e documentos de traballo que abordan a situación dea prevención de riscos laborais en diferentes sectores de actividade e, propoñen á súa vez, medidas tendentes á mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores.

Estes son os grupos de traballo nos que traballa algún membro do ISSGA representando á nosa comunidade autónoma:

- **Grupo de traballo da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo 2007-2012**

Finalidade: seguimento das accións incluídas na Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (2007-2012) e avaliación do cumprimento dos seus obxectivos.

- **Grupo de traballo da educación e formación en prevención de riscos laborais**

Finalidade: formular propostas encamiñadas a potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais que permitan desenvolver o establecido no obxectivo 6 da Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (2007-2012): a elaboración e implantación do Plan nacional de formación.

- **Grupo de traballo do amianto**

Finalidade: estudo da evolución da situación española sobre riscos e patoloxía por amianto, así como ao seguimento sobre o cumprimento e a eficacia do preceptuado pola normativa sobre amianto, para o que se propón a adopción de medidas sobre a prevención fronte aos devanditos riscos ou, no seu caso, a modificación e actualización da citada normativa.

- **Grupo de traballo dos traballadores autónomos**

Finalidade: estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo deste colectivo e proposta de liñas de investigación coa promoción e o apoio da prevención, a realización de campañas de información, a formación preventiva e a cualificación suficiente deste colectivo e o acceso á vixilancia específica da saúde.

- **Grupo de traballo da construción**

Finalidade: a análise e seguimento da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais ao sector da construción.

- **Grupo de traballo do sector agrario**

Finalidade: estudo e seguimento da aplicación da normativa preventiva no sector agrario.

Hai tres subgrupos que funcionan asociados a este grupo nos que tamén participa o ISSGA:

- Subgrupo *Vixilancia da saúde no sector agrario*
- Subgrupo *Sinistralidade no sector agrario*
- Subgrupo *Riscos laborais e xénero no sector agrario* (novo)

- **Grupo traballo do Plan Prevea**

Finalidade: implantación e desenvolvemento do denominado Plan Prevea (programa voluntario de redución de accidentes). Os traballos deste grupo orientáronse aos seguintes obxectivos:

- Deseño da estratexia de implantación do programa experimental nas comunidades autónomas, en caso de acordo nese sentido polos órganos de coordinación da Inspección de Traballo e Seguridade Social - comunidades autónomas, logo de consultar á Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Seguimento dos resultados obtidos polo programa ao longo do período de aplicación da Estratexia 2007-2012.

- **Grupo traballo dos valores límite**

Finalidade: implantar e actualizar anualmente un sistema nacional de valores límite indicativos, referidos á exposición a axentes químicos no ambiente de traballo, co fin de previr os posibles riscos que puidesen entrañar para os traballadores.

Cada ano o grupo eleva ao pleno para a súa aprobación o documento *Límites de exposición profesional para axentes químicos en España*.

- **Comité técnico Mixto do Ministerio de Emprego e Seguridade Social-CCAA propostos polo INSHT ás comunidades autónomas**
- **Grupo de traballo: Base de situacións de traballo- caracterización de situacións de exposición a axentes químicos**

Finalidade: crear unha base de datos de situacións de traballo que impliquen exposición potencial a axentes químicos e que sirva de consulta e referencia en situacións reais similares ás que describa a base.

- **Grupo de unificación de criterios estatísticos de sinistralidade laboral**

Finalidade: detección e solución dos problemas detectados na tramitación dos partes de accidente de traballo, discutir posibles melloras no sistema. Conseguinte unha metodoloxía común para a elaboración das estatísticas de sinistralidade laboral.

- **Rede de institutos públicos para a investigación de prevención de riscos laborais**

Finalidade: búscase potenciar a capacidade técnica dos institutos de prevención de riscos, mediante a coordinación de actividades que poida considerarse de investigación, para evitar redundancias e mellorar o aforro en custos mediante traballos de colaboración, así como busca de financiamento dos traballos de investigación que se propoñan e se consideren de interese para a rede.

- **Grupo base de situacións perigosas en máquinas (BSTPMAQ)**

Finalidade: recoller situacións perigosas de traballo con máquinas, seleccionalas, analízalas realizando unha avaliación de riscos que permita unificar os criterios aplicables en cada caso e definir as medidas preventivas correspondentes, de maneira que sexan un modelo que se ha seguir para os que estean expostos a situacións semellantes. Especialmente dirixido a pequenas e medianas empresas, microempresas e traballadores autónomos.

- **Grupo de traballo: Análise cualitativo da mortalidade por accidente de traballo**

Finalidade: coñecer as causas dos accidentes de traballo e as características asociadas relevantes para a súa prevención. Na actualidade recollen información sobre os accidentes graves ocorridos e mortais, de acordo cos cambios metodolóxicos introducidos a partir do 01/01/08.

- **Grupo de traballo da Rede de Institutos e Centros de Investigación en Seguridade e Saúde no Traballo (RICISST)**

Finalidade: potenciar a capacidade técnica dos recursos públicos dispoñibles no Estado mediante a súa coordinación e relacionarse de

xeito estable con outros organismos de investigación, universidades e empresas.

- **Aenor (Asociación Española de Normalización)**
- **Subcomité AEN/CTN81/sc3 Seguridade das máquinas de Aenor**
- **Comité técnico AEN/CTN81 Prevención e medios de protección persoal e colectiva no traballo de Aenor**

3.6.3. Grupos de traballo con outras comunidades autónomas

- **Grupo sector pesqueiro dos institutos de seguridade e saúde laboral da costa cantábrica**

Finalidade: elaborar un documento guía para a vixilancia da saúde para o sector pesqueiro.

3.6.4. Xornadas técnicas e cursos en colaboración con outras entidades

O ISSGA colaborou na organización de actividades formativas coas entidades que se relacionan.

Consellería de Economía e Industria

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada informativa do Plan galego de seguridade industrial e protección dos traballadores
- Xornada: Seguridade industrial e protección dos traballadores

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornadas informativas sobre seguridade industrial

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Centro ISSGA. Lugo (IES Sanxillao)

- Prevención de riscos laborais e primeiros auxilios (Hostalería)

Centro ISSGA. Lugo (IES Lois Peña Novo)

- Prevención de riscos laborais en electromecánica

Centro ISSGA. Ourense (IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia)

- Xornada técnica de prevención de riscos laborais

Centro ISSGA. Ourense (IES A Farixa)

- Curso básico de prevención de riscos laborais (dúas edicións)

Centro ISSGA. Pontevedra (IES de Teis)

- XII Xornadas de orientación ao emprego

Centro ISSGA. Pontevedra (IES Politécnico de Vigo)

- I Xornada de orientación laboral

Centro ISSGA. Pontevedra (IES Manuel Antonio)

- Xornada: Hixiene Industrial

Centro ISSGA. Pontevedra (Centro Integrado de Formación Profesional de Coia)

- Xornada: Riscos hixiénicos e ambientais

Consellería de Traballo e Benestar

ISSGA e Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

- Curso básico de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre

Consellería de Medio Rural e do Mar

- Curso básico de prevención de riscos laborais. Formador de formadores no sector Agroforestal dirixido a persoal técnico da Consellería de Medio Rural e do Mar
- Curso básico de prevención de riscos laborais. Formador de formadores no sector Agroforestal dirixido a persoal técnico das organizacións sindicais agrarias
- Modulo de prevención de riscos laborais no curso de aplicadores, manipuladores de produtos fitosanitarios nivel cualificado (tres edicións)

Escola Naval Militar de Marín

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica de prevención de riscos laborais

Universidade de Santiago de Compostela

Centro ISSGA. Lugo

- VI Xornadas de divulgación científica e tecnolóxica

Universidade de Vigo

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso básico de prevención de riscos laborais

Concello de Friol (Obradoiro de emprego A Gándara)

Centro ISSGA. Lugo

- Primeiros auxilios

Cetmar (Centro Tecnolóxico do Mar)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Proxecto europeo Marleanet

Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais

- Presentación da *Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro*

Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo

- Presentación da *Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro*

Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada: Estratexia española seguridade e saúde 2007-2012 e Plan de traballo 2011-2012

Unión Xeral de Traballadores de Galicia

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre o consumo de substancias psicoactivas no eido laboral

Confederación Intersindical Galega

Centro ISSGA. Lugo

- Prevención de riscos laborais e medición de contaminantes físico-químicos no ámbito laboral

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada de prevención de riscos laborais dirixida a coidadores e coidadoras de persoas na terceira idade

Centro ISSGA. Pontevedra

- Contaminantes físico-químicos

Unión Sindical Obreira

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica sobre riscos psicosociais

Confederación de Empresarios de Galicia

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada técnica en prevención de riscos laborais na manipulación de amianto

Confederación de Empresarios da Coruña

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada PRL: riscos psicosociais

Confederación de Empresarios de Lugo

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada técnica. Como afrontar a súa xestión en pemes e micropemes

Confederación de Empresarios de Ourense

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica. Novidades legislativas e reflexións sobre o mantemento seguro e preventivo

Confederación de Empresarios de Pontevedra

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica. Protección contra riscos e danos oculares no traballo

Fremap

Centro ISSGA. A Coruña

- Maternidade e condicións ergonómicas dos postos de traballo
- Seguridade das máquinas
- Prevención de riscos laborais no almacenamento de produtos químicos
- Prestacións por cesamento de actividade dos autónomos

Centro ISSGA. Lugo

- Almacenamentos e equipos de manexo de materiais. Condicións de seguridade
- Disposicións de seguridade e saúde na construción. Situación actual
- Campaña audiovisual para a prevención do accidente laboral de tráfico
- Carga física no traballo. Criterios de análise e avaliación

Centro ISSGA. Ourense

- Traballos en altura. Equipo para a elevación de traballadores
- Prevención do accidente laboral de tráfico
- Enfermidades profesionais e vixilancia da saúde en actividades con potencia presenza de sílice

Centro ISSGA. Pontevedra

- Protección da maternidade no traballo con respecto aos factores de risco de hixiene industrial
- Equipos para traballos en altura
- Sistema de redución de cotizacións por diminución e prevención da sinistralidade laboral (dúas edicións)
- Obxectivos e indicadores de prevención
- Prevención de riscos laborais no almacenamento de produtos químicos
- Prevención do accidente laboral de tráfico

Formega (Fundación Galega do Metal)

Centro ISSGA. A Coruña

- Risco químico no sector metalúrxico

Centro ISSGA. Pontevedra

- A siniestralidade laboral e os seus custos

Aprosal (Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Investigación de accidentes de traballo
- Seguridade en sistemas de encofrado e estadas

BEGASA- EON (Programa Safety Champions BEGASA – EON)

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada de divulgación da PRL no Colexio Maristas de Lugo

Gas Natural Fenosa

Centro ISSGA. A Coruña

- Conectores baixa tensión
- Corta e poda en proximidade de liñas de alta tensión
- Curso de operación local en media e baixa tensión

Centro ISSGA. Lugo

- Curso de operación local en media e baixa tensión. 3ª edición

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada sobre conectores de baixa tensión
- Curso réxime especial explotación corta e poda
- Xornada de prevención de riscos laborais no sector eléctrico
- Curso de prevención de riscos laborais no sector eléctrico

Centro ISSGA. Pontevedra (Aula Risco Eléctrico)

- Condicións de seguridade na realización de conexións de baixa tensión con tensión
- Prevención risco eléctrico (dúas edicións)
- Corta e poda en proximidade de liñas de alta tensión
- Operación local en subestacións
- Medidas preventivas para adoptar en traballos forestais
- Curso sobre a operación rede empresas contratistas de nova incorporación a mantemento MT/BT UFD
- Curso sobre as responsabilidades legais en prevención de riscos laborais

GKN Driveline.Taller de Ergonomía

Centro ISSGA. Pontevedra

- Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo

PSA Citroen

Centro ISSGA. Pontevedra

- Convención de Prevención PSA Citroen

Semana Verde de Galicia

Centro ISSGA. Pontevedra

- Reflexións sobre o sector forestal galego

Previsel

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada formativa do voluntariado de Protección Civil
- Xornada teórico-práctica: Boas e malas prácticas na prevención de riscos laborais
- Obradoiros de emprego (catro edicións)
- Centros FP, IES (catro edicións)
- Xornada colexios profesionais

4. Relacións con outros organismos

4.1. Convenios

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais. Data da sinatura: 3 de xaneiro de 2011.
- Acordo marco de cooperación entre o ISSGA e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para a realización e promoción de accións e estudos en materia de seguridade mineira para avanzar na mellora das condicións de seguridade e salubridade das explotacións mineiras galegas. Data da sinatura: 22 de marzo de 2011.
- Convenio de colaboración entre o ISSGA e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para regular a colaboración entre ambos para intercambiar informes en materia de riscos laborais nas explotacións mineiras galegas. Data da sinatura: 24 de marzo de 2011.
- Acordo marco de colaboración entre o ISSGA e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para colaborar en actividades comprendidas no eido da seguridade e saúde laborais, mellora das condicións de traballo e prevención de riscos laborais. Data da sinatura: 30 de marzo de 2011.
- Acordo marco de colaboración entre o ISSGA e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de actividades de formación, investigación e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Data da sinatura: 24 de maio de 2011.

- Acordo entre a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e o ISSGA, referido ao sistema Cepross (comunicación de enfermidades profesionais, Seguridade Social) e a cesión de datos contidos no modelo de parte de enfermidade profesional. Data da sinatura: 17 de xuño de 2011.
- Acordo marco de colaboración entre o ISSGA e a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. Data da sinatura: 26 de setembro de 2011.

4.2. Coordinación con outros organismos da Administración

Xunta de Galicia

- Dirección Xeral de Relacións Laborais. Consellería de Traballo e Benestar
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Rede de Comunicación dos Accidentes Laborais (112)
 - Xestión de emerxencias en parques empresariais
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade
 - Comisión de Goberno do ISSGA
 - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo

- Reunións técnicas para a colaboración en investigación de enfermidades profesionais e vixilancia da saúde, incluída a postocupacional, dos traballadores expostos a risco por amianto
- Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Consellería de Economía e Industria
- Comisión de Goberno do ISSGA
- Estudo epidemiolóxico en canteiras
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Cetmar. Consellería de Medio Rural e do Mar
- Grupo de traballo para a elaboración de material audiovisual sobre o sector pesqueiro
- Proxecto Saúde, coordinado por Cetmar e coa participación de Leitat, Agamar e Instituto de Biomecánica de Valencia
- Proxecto Traxe. Colaboración con: Cetmar, Dirección Xeral da Mariña Mercante, Coapre-Arvi, Mar Seguro de Galicia
- Proxecto Grundtvig-FEP (Fondo Europeo Especial da Pesca). Proxecto transnacional con socios franceses e italianos
- Escola Galega de Administración Pública. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Colaboración na realización de cursos de formación

Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS)

- Plan de actuación en obras singulares e grandes obras
- Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias
- Plan Vixía
- Programa Segumar

Outros institutos de seguridade e saúde laboral

- Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT)
 - Presenza no Comité Técnico Mixto INSHT-CCAA
 - Presenza na Rede de Institutos de Seguridade e Saúde Laboral
 - Asistencia e participación en xornadas
 - Prevención 10- Evalúate. Elaboración de formularios específicos para os sectores de actividade de destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas e fabricación de queixos
 - Colaboración na elaboración de normativa e guías técnicas
- Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais (Osalan), Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo (Icasst) e Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)
 - Xornadas de colaboración en prevención de riscos laborais no sector pesqueiro
 - Constitución do grupo de traballo dos catro institutos no sector da pesca
 - Estudo para a elaboración de guías técnicas de vixilancia da saúde e ergonomía na pesca
- Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais (IAPRL)
 - Mapa de risco químico

Outros organismos

- Ministerio de Emprego e Seguridade Social
 - Colaboración no Programa de cooperación técnica internacional
- Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)
 - Equipos de valoración de incapacidade (EVI)
 - Determinación de coeficientes redutores

- Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo
 - Rede Europea e Rede Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
- Fundación para a prevención de riscos laborais
 - Colaboración no ámbito da formación

5. Actuación técnica


5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica (Artigo 3, parágrafo 2b da Lei 14/2007)

Lévanse a cabo co obxecto de determinar as causas de accidentes, para evitar a súa recorrencia e mesmo como base técnica para asignar responsabilidades.

5.1.1. Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións ISSGA artigo 4a, 4f)

Investíganse todos os accidentes mortais e unha maioría dos graves, e nos casos leves, límitanse aos requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou dos xulgados. En casos particulares, realízase en coordinación coa Inspección de Traballo, e en calquera caso, remítese sistematicamente a esta o informe correspondente. No caso de que, por calquera causa, non sexa posible a emisión de informe, xérase unha nota interna que o xustifique.

Investigacións de accidentes	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	3	28	22	53
Construción	2	113	26	141
Industria	5	145	45	195
Servizos	5	51	39	95
Agricultura	3	40	12	55
Totais	18	377	144	539



5.1.2. Investigación de accidentes consonte ao Convenio coa Fiscalía (Plan estratéxico, obxectivo 8 acción 3)

En virtude do protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores e das traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, e consonte a Resolución do 28 de xuño de 2007 da Consellería de Traballo e Benestar, establecéronse quendas de gardas, e un protocolo para o efectivo exercicio das funcións enumeradas no punto 4 do acordo reflectido pola devandita resolución.

Investigación de accidentes consonte ao convenio coa Fiscalía	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	3	2	-	5
Construción	9	6	4	19
Industria	5	7	4	16
Servizos	3	5	3	11
Agroforestal	12	2	-	14
Totais	32	22	11	65

5.1.3. Investigación de enfermidades profesionais


O cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social publicouse no Real decreto 1299/2006 do 10 de novembro (BOE 19/11/2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

Investigacións enfermidades profesionais	Grupo de enfermidade profesional						Totais
	1	2	3	4	5	6	
Pesca	-	-	-	-	-	-	-
Construción	5	8	-	16	4	1	34
Industria	13	73	2	65	13	2	168
Servizos	14	104	12	4	17	-	151
Agricultura	-	-	-	1	-	-	1
Totais	32	185	14	86	34	3	354
Núm. visitas	31	80	10	52	22	1	196
Informes	23	143	10	83	28	3	290

Nota aclaratoria:

- Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos
- Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos
- Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos
- Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros puntos
- Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros puntos
- Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxicos

ENFERMIDADES PROFESIONAIS



5.1.4. Actuacións dos técnicos habilitados


Ao abeiro do Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo, da Lei 14/2007 de creación do ISSGA e da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, aos técnicos habilitados correspóndelles a facultade de realizar funcións de asesoramento, información e comprobación das condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo coa capacidade de requirimento de emenda das deficiencias observadas. O incumprimento deste requirimento pode dar lugar á práctica dunha acta de infracción por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Actuacións dos técnicos habilitados	Núm. actuacións
Construción	216
Hixiene	231
Industria	126
Medicina	17
Pesca	105
Totais	695

5.1.5. Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

A análise das condicións de traballo é un importante labor técnico do ISSGA que se realiza por requirimento de xulgados e tribunais, Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS), outras administracións públicas e empresas, do persoal traballador e das súas organizacións representativas.

Asistencia técnica a requirimento	Seguridade	Hixiene	Medicina	Ergonomía e psicosocioloxía	Xeral	Totais
De empresas ou asociacións empresariais	13	99	2	-	-	114
De traballadores ou sindicatos	9	9	19	-	3	40
De administracións	310	113	16	-	55	494
Da ITSS	153	56	44	1	2	256
Outras	53	25	1	-	21	100
Accións conxuntas coa ITSS	196	19	68	1	-	284
Actuacións nos xulgados	84	1	7	-	3	95
Totais	818	322	157	2	84	1.383



5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o ISSGA préstalle o seu apoio, e mesmo ten asumida, para obter unha maior dilixencia e efectividade, a xestión de determinados procedementos administrativos.

- **Amianto**

Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA), autorización, control e seguimento de plans de traballo, desenvolvendo todo o traballo técnico e administrativo ata a resolución do expediente.

O ISSGA ten encomendadas estas funcións na Orde do 2 de decembro do 2008.

Amianto	
Plans aprobados	317
Plans denegados	6
Traballos notificados (Plans aprobados en Galicia)	567
Altas empresas RERA	62
Baixas empresas RERA	5

- Informes técnicos

Para que a autoridade laboral fundamente as súas resolucións de autorización ou acreditación de entidades nos seguintes casos:

Informes técnicos emitidos	
Informes sobre entidades formativas	10
Informes sobre servizos de prevención	6
Informes sobre entidades auditoras	1
Informes coeficientes redutores	7

5.3. Asesoramento (artigo 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

As accións de asesoramento sobre aspectos técnicos e organizativos, que desenvolve o ISSGA como parte das súas funcións, son fundamentais para mellorar a eficacia das actividades preventivas.

5.3.1. En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

- Seguimento de grandes obras de construción

Co seguinte esquema territorial:

Provincia	Obra
A Coruña	Porto exterior da Coruña Cidade da Cultura. Santiago de Compostela AVE Autovía Carballo-Fisterra Centro comercial Marineda Terceira ronda. A Coruña
Lugo	Autovía do Cantábrico A-8 Autovía A-54 Lugo-Santiago Corredor Sarria-Monforte Vía de alta capacidade da Costa Norte AVE – variante de Pobra de San Xiao Auditorio de Lugo
Ourense	AVE- Corredor Norte-Noroeste de alta velocidade-Acceso Ourense-Eixe Ourense-A Gudiña Autoestrada Rante-Celanova, A52
Pontevedra	Eixo Atlántico Vía alta capacidade Tui - A Garda Tramo 1: Tui-Enlace PO 350 Tramo 3: Goian-A Guarda Variante de Marín-2ª fase Enlace de Curro



Plan de actuacións en grandes obras	Técnicos do ISSGA coa ITSS	Técnicos do ISSGA	Totais
Visitas	144	8	152
Actuacións	221	13	234
Requirimentos	31	2	33
Xuntanzas	32	3	35
Investigación de accidentes	5	1	6
Núm. de empresas	349	8	357

- **Plan sectorial de pesca**

Plan Vixía

Ten por obxecto implantar unha conciencia preventiva no sector pesqueiro, mellorando os hábitos de traballo e favorecendo unha utilización segura dos materiais e equipos de traballo, e velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais neste sector.

Desenvólvese mediante visitas ás embarcacións realizadas por equipos especializados constituídos por un inspector/a de traballo e Seguridade Social e por un técnico/a do ISSGA e faise fincapé basicamente nos buques afectados polo Real decreto 1216/1997 (máis de 15 m de eslora).

Programa Segumar

Este programa é froito dun acordo entre o Ministerio de Fomento, o antigo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (hoxe Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social para dotar de maior seguridade ao sector pesqueiro, en buques de menos de 24 metros de eslora.

As visitas realízanas técnicos de Fomento, o Instituto Social da Mariña, inspectores de traballo e Seguridade Social, e técnicos do ISSGA.

5.3.2. Accións propias do ISSGA: plans sectoriais (incluído P.E. Obx. 6 Acc. 2)

As actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das enfermidades profesionais, como a desenvolver unha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

A cualificación das accións segundo programas foi a seguinte:

Programa	Total actuacións
Programa sectorial construción	264
Programa sectorial pesca	1.197
Programa sectorial agrícola-gandeiro	336
Prevención autónomos	470
Programa de loita contra a sinistralidade	401
Programa seguridade viaria	229
Estudo epidemiolóxico en canteiras	145
Prevención de riscos por sílice	155
Prevención de riscos derivados de ATEX	34
Programa loita sobreesforzos	244
Programa mulleres embarazadas, parto recente, lactación	381

- Outras actuacións técnicas

A información, como base para a toma de decisións, é fundamental para unha prevención eficaz. O ISSGA asumiu a análise estatística da sinistralidade e a súa difusión, e cerrou o círculo iniciado no tratamento dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Outras actuacións técnicas	Total actuacións
Preguntas parlamentarias	19
Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes	269
Consultas escritas	463
Consultas verbais	2.954
Reunións de traballo	749
Reunións de grupos de traballo	41
Impartición de cursos, relatorios	235
Plans e estudos de seguridade na construción	8.187
Tratamento estatístico de partes de AT e EP	62.890
Elaboración de estudos sectoriais	37

AT: accidente de traballo/ EP: enfermidade profesional

Nos equipos de valoración de incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social-INSS un técnico do ISSGA actúa como experto en seguridade e saúde laboral.

5.4. Accións formativas

Dirixidas a traballadores, empresarios, técnicos, etc.

(incluídas no plan estratéxico, obxectivo 8, acción 1)

	Núm. accións	Núm. alumnos
Cursos básicos de prevención de riscos laborais- 35 horas	12	462
Cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña-60 horas	4	341
Cursos básicos de prevención de riscos semipresencial-60 horas	4	170
Cursos de formación interna	9	200
Xornadas propias do ISSGA	26	2390
Xornadas en colaboración con outras entidades	91	4901

Un dos cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña de 60 horas fíxose en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e dedicóuselle un módulo aos riscos específicos das actividades de tempo libre.

Por outra parte, e respecto dos cursos básicos de prevención de riscos laborais en modalidade semipresencial de 60 horas, dous deles fixéronse en colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar, un deles estivo dirixido ao persoal técnico das organizacións sindicais agrarias e outro ao persoal técnico da dita consellería. A parte

destinada a riscos específicos dedicouse aos riscos no sector do agro.

A oferta formativa 2011

A oferta formativa do ISSGA dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web e a distribución de dísticos coa oferta formativa anual.

Tamén se pode consultar nos centros que o ISSGA ten nas catro provincias e onde se desenvolve a maioría da actividade formativa presencial ofertada.

As accións formativas de diferente tipo desenvolvidas no 2011 foron as seguintes:



5.4.1. Cursos

- Curso de prevención de riscos laborais. Nivel básico 35 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en liña. Nivel básico 60 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre en liña. Nivel básico. 60 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en modalidade semi-presencial. Nivel básico 60 h.

5.4.2. Xornadas técnicas

Centro ISSGA. A Coruña

- Traballos en vertical

- Avaliación e intervención psicosocial
- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo. Novidades técnicas e normativas
- Risco de atmosferas explosivas (ATEX)
- Equipos de traballo. Real decreto 1215/1997
- Amianto: RERA e plans de trabalo
- O xénero na prevención de riscos laborais. Riscos e efectos das condicións de traballo na maternidade
- A comunicación de sospeitas de enfermidade profesional: novos retos para a saúde laboral. Organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención e perspectivas de desenvolvemento do artigo 5 do Real decreto 1299/2006
- Instalación, revisión e utilización de liñas de vida
- A fatiga e os accidentes de tráfico laborais

Centro ISSGA. Lugo

- Seguridade e saúde laboral de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional
- Real decreto 1311/2005. Vibracións mecánicas. Riscos e medidas preventivas
- O xénero na prevención de riscos laborais. Riscos e efectos das condicións de traballo na maternidade
- Equipos a presión. Condicións de seguridade industrial e laboral. Marco normativo. Caldeiras
- Trastornos musculoesqueléticos. Mobilización de enfermos

Centro ISSGA. Ourense

- Adicións no ámbito laboral
- Avaliación e intervención en risco psicosocial nas empresas
- As últimas modificacións normativas en prevención de riscos laborais
- O risco de ATEX, máis frecuente do que pensamos
- Hixiene industrial inversa, un enfoque emerxente

Centro ISSGA. Pontevedra

- Adicións no ámbito laboral
- Avaliación dos riscos psicosociais
- Modificacións normativas do Real decreto 337/2010
- Coordinación de actividades. Real decreto 171/2004
- Presentación da *Guía da vixilancia da saúde no sector pesqueiro*
- Taller de función pulmonar para médicos/as e enfermeiros/as do traballo

5.5. Hixiene analítica

No ano 2011 os traballos realizados no laboratorio de hixiene analítica, que está no centro do ISSGA de Pontevedra, centráronse principalmente nas seguintes liñas de traballo:

1. Solicitar a acreditación do laboratorio

A actividade do Laboratorio de Hixiene Analítica do ISSGA, que ten como principal finalidade servir de instrumento para avaliar potenciais contaminantes químicos, existentes tanto no ambiente laboral, coma os ditos contaminantes ou os seus metabolitos presentes nos fluídos corporais (sangue, soro, oríñas etc.) dos traballadores expostos, está definida nos programas establecidos no Plan de actividades do ano 2011 do ISSGA. Neste plan, ao laboratorio de hixiene analítica asígnanselle os programas LHA1 (Aseguramento da calidade), LHA2 (Normalización e posta a punto de métodos analíticos), LHA3 (Análises externas) e LHA4 (Verificación das fichas de datos de seguridade de produtos químicos). Para desenvolver estes programas cómpre realizar unha actividade analítica propiamente dita e unha actividade documental moi importante.

Conscientes da importancia de asegurar a calidade dos seus resultados nos procesos de ensaio, estase a realizar un importante esforzo para implantar un sistema de calidade baseado no cumprimento da norma UNE-EN ISO/IEC 17025, sobre avaliación da conformidade. Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración.

A actividade analítica do laboratorio centrouse fundamentalmente nos aspectos de validación de métodos analíticos, no establecemento dun sistema de calidade interno e, relacionado con este, na participación en programas de interlaboratorio organizados polo INSHT.

No que se refire ao establecemento dun sistema de calidade interno, durante o ano 2011 terminou de elaborarse a toda a documentación necesaria para sustentar o sistema de xestión de calidade do laboratorio de hixiene analítica. Como culminación deste proceso, o día 8 de novembro de 2011, presentouse á ENAC a solicitude para acreditar o laboratorio de hixiene analítica do ISSGA. Os procedementos internos a acreditar refírense á determinación de materia particulada en filtros de PVC (PE-ISSGA-01), á determinación de certos metais en filtros de ésteres de celulosa por espectrofotometría de absorción atómica (PE-ISSGA-02) e á determinación de certos vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases (PE-ISSGA-03).



2. Participación no programa interlaboratorios de control de calidade (PICC) do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
 - PICC-Met: determinación de metais en filtros de membrana por espectrofotometría de absorción atómica (Cd, Cr, Ni e Pb).
 - PICC-VO: determinación de vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases (benceno, tricloroetileno, tolueno e m-xileno).
 - PICC-Gr: determinación de materia particulada en filtros por gravimetría (filtros de PVC e filtros de FV).
 - PICC-FA: recuento de febras en filtros por microscopía óptica con contraste de fases.
 - PICC-Pbs: determinación de chumbo en sangue por espectrofotometría de absorción atómica-forno de grafito.

- PCCC-MetU: determinación de metais en ouriños por espectrofotometría de absorción atómica-vapor frío (Cr e Hg).
- 3. Posta a punto de novos procedementos analíticos e normalización de procedementos xa existentes

En particular nas seguintes técnicas:

- Determinación de metais por espectrofotometría de absorción atómica, tanto en mostras ambientais como en mostras biolóxicas.
- Normalización do método para a determinación de materia particulada por gravimetría.

4. Análises levadas a cabo polo laboratorio de hixiene analítica

Nas táboas que seguen, resúmese a actividade do laboratorio en relación ao número de mostras (táboa I), ao número de análises (táboa II) e ao número de determinacións realizadas (táboa III), e diferénciase tanto por programas do Plan de actividade 2011 a que corresponden, coma por técnicas analíticas.

TABOA I. Número de mostras hixiénicas segundo técnicas analíticas

Técnica analítica	Número de mostras			
	Programa do plan de actividade			Total
	LHA1	LHA2	LHA3	
Cromatografía de gases	22			22
Espectrofotometría de absorción atómica	201	148	22	371
Gravimetría	88			88
Microscopía	15	4		19
Totais	326	152	22	500

LHA 1. Aseguramento da calidade

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos

LHA 3. Análises externas

TABOA II. Número de análises hixiénicas segundo técnicas analíticas

Técnica analítica	Número de mostras			
	Programa do plan de actividade			Total
	LHA1	LHA2	LHA3	
Cromatografía de gases	31	0		31
Espectrofotometría de absorción atómica	284	151	50	485
Gravimetría	128	0		128
Microscopía	10	13		23
Totais	453	164	50	667

LHA 1. Aseguramento da calidade

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos

LHA 3. Análises externas

TABOA III. Número de determinacións segundo técnicas analíticas

Técnica analítica	Número de mostras			
	Programa do plan de actividade			Total
	LHA1	LHA2	LHA3	
Cromatografía de gases	159	0		159
Espectrofotometría de absorción atómica	749	199	66	1.014
Gravimetría	798	0		798
Microscopía	25	15		40
Totais	1731	214	66	2.013

LHA 1. Aseguramento da calidade.

LHA 2. Normalización e posta a punto de métodos analíticos.

LHA 3. Análises externas.

5.6. Medicina do traballo

Os catro centros provinciais do ISSGA realizan recoñecementos médicos en patoloxías concretas para poder facer estudos epidemiolóxicos. Ademais, fanlles recoñecementos médicos e análises correspondentes a actividades programadas, ou a demanda, fundamentalmente a traballadores autónomos e traballadoras autónomas, correspondentes á vixilancia da súa saúde.


Estes recoñecementos corresponden principalmente a:

- Estudos epidemiolóxicos realizados para facer aflorar enfermidades profesionais no marco do Plan de actividades do ISSGA
- Solicitudes dos equipos de valoración de incapacidades para os efectos de emitir informes de investigación de enfermidades profesionais
- Solicitud de empresas e traballadores para recoñecementos médicos específicos no marco do Plan de actividades
- Solicitud da Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación coa valoración da vixilancia de saúde nas actuacións que se requira

Así mesmo, realizan investigacións de enfermidades profesionais e avaliacións ergonómicas de postos de traballo.

Recoñecementos médicos	1.995
Análises	3.969
Número de determinacións analíticas	102.991
Número de probas médicas complementarias	13.756

Probas auditivas	2.286
Probas respiratorias	2.540
Probas visuais	6.132
Probas cardíacas	1.845
Probas radiológicas	297
Outras probas	656
Totais	13.756



P. Hematológico	Nº probas x Nº trabalhadores	45.434
P. Bioquímico	Nº probas x Nº trabalhadores	28.796
Probas ouriños	Nº probas x Nº trabalhadores	22.012
Perfil serológico	Nº probas x Nº trabalhadores	475
Outras	Nº probas x Nº trabalhadores	125
Totais	Nº probas x Nº trabalhadores	96.842

6. Directorio

ISSGA - Dirección

Casa da Parra
Praza da Quintana de Vivos, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 957 018
Fax: 881 999 433
Enderezo-e:
issga.direccion@xunta.es



Centro ISSGA A Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, 8
15006 A Coruña
Tlf.: 981 182 329
Fax: 981 182 332
Enderezo-e:
issga.coruna@xunta.es



Centro ISSGA Lugo Ronda de Fingoi, 170 27071 Lugo Tlf.: 982 294 300 Fax: 982 294 336 Enderezo-e: issga.lugo@xunta.es	
Centro ISSGA Ourense Rúa de Villaamil e Castro, s/n 32872 Ourense Tlf.: 988 386 395 Fax: 988 386 222 Enderezo-e: issga.ourense@xunta.es	
Centro ISSGA Pontevedra Camiño Coto do Coello, 2 36812 Rande - Redondela Pontevedra Tlf.: 886 218 100 Fax: 886 218 102 Enderezo-e: issga.pontevedra@xunta.es	

7. Anexos

Follas de Prevención editadas no ano 2011



ALCOHOL E TRABALLO

Autoría:

Autoría: **Juan Manuel Rodríguez Lorenzo.**
Farmacéutico e técnico superior de prevención de
riscos laborais.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL.



INTRODUCCIÓN

É difícil encontrar relacións de causalidade entre traballar e consumir alcohol; pola contra as situacións de falta de traballo, de desemprego, son determinantes á hora de elevar o consumo de alcohol. A crise económica global, o aumento do desemprego que actualmente afecta a España son realidades que deben terse en conta polas consecuencias que poden ter no aumento do consumo de alcohol na nosa poboación laboral.

Pero se ben o traballo non incita ao consumo de alcohol, determinadas condicións laborais e persoais poden facelo:

- Oferta e dispoñibilidade de bebidas no lugar de traballo.

- Reunións de traballo onde se incite ao consumo de alcohol.

- Traballo onde os traballadores teñen fácil acceso ao alcohol (camareiros, cocinheiros).

- Traballo que se realizan en condicións físicas extremas, traballos á intemperie, traballos de especial dureza.

Canda estas características propias do traballo podemos engadir as particularidades persoais de cada traballador:

- Traballadores pouco motivados.

- Traballadores que non atopan estímulo no seu traballo.





www.issga.es

N.º 25

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DE ORIXE ELÉCTRICA (I)

Autoría:

Héctor González Nóvoa

Arquitecto.
Técnico superior en Prevención de Riscos
Laborais.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL.

Ángel López Álvarez

Enxeñeiro industrial.
Técnico superior en Prevención de Riscos
Laborais.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL.

Paco Garrido Carballo

Enxeñeiro técnico industrial.
Técnico superior en Prevención de Riscos
Laborais.
FREMAP.



INTRODUCCIÓN

A electricidade está case sempre presente nas actividades produtivas. O seu emprego supón un risco e presenta as seguintes características básicas:

- A súa invisibilidade: a electricidade produce danos sen que poidamos percibir a primeira vista a súa presenza.
- A posibilidade de producir danos graves ou mortais.
- A probabilidade de provocar outro tipo de danos derivados da posición do traballador, tales como caídas en altura de escadas, etc.
- A alta sinistralidade derivada de incendios por deficiencias nas instalacións eléctricas.

Os accidentes producidos pola electricidade non están entre os máis frecuentes, pero unha vez que acontecen adoitan destacar pola súa gravidade. Segundo os anos, entre un 4% e un 8% dos accidentes mortais poden ser producidos por electrocucións. A estes habería que sumarlles os producidos por incendios e explosión, cuxo inicio se atopa frecuentemente ligado a unha incidencia coa electricidade.

Os danos producidos polo risco eléctrico poden ir dende un leve formigo, ata a morte por paro cardíaco, pasando pola asfixia ou grandes queimaduras. Polo tanto, o risco eléctrico resulta ser unha circunstancia que debe terse moi presente á hora de previr os riscos laborais.



folla de prevención

LUCÍA FERRÓN VIDÁN

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Doutora en Bioloxía

ISSGA

A COMUNICACIÓN DO RISCO QUÍMICO (I): novo sistema de clasificación e etiquetaxe: Regulamento CLP



QUE AXENTES QUÍMICOS DEBEMOS CONSIDERAR LEGALMENTE COMO PERIGOSOS?

O R.D. 374/2001 do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (en diante R.D. de axentes químicos) obriga en primeiro lugar ao empresario a determinar se existen axentes químicos perigosos no lugar de traballo. De existiren deberá avaliar os riscos para a saúde e seguridade dos traballadores, orixinados polos devanditos axentes, é dicir, deberá

realizar unha avaliación específica de axentes químicos seguindo o procedemento que nel se indica.

O propio R.D. de axentes químicos, no seu artigo 2.5, dános a resposta de cando debemos considerar que un axente químico é perigoso:

- Os que cumpran os criterios para a súa clasificación como substancias ou preparados perigosos establecidos, respectivamente, na normativa sobre notificación de substancias novas e clasificación, e envasado e etiquetaxe de substancias perigosas e na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe



folla de prevención

**ÁLVARO GARCÍA DE
PESQUERA**

Técnico de prevención
Grupo Gas Natural Fenosa
Negocio Regulado de
Electricidade

Mº JESÚS GÜIL GORDO

Técnica de prevención
Grupo Gas Natural Fenosa
Negocio Regulado de
Electricidade

**LUIS FERNANDO
RODRÍGUEZ NÚÑEZ**

Técnico de prevención
Grupo Gas Natural Fenosa
Negocio Regulado de
Electricidade

**JAVIER ESCRIBANO
TESTAUT**

Coordinador de prevención
Grupo Gas Natural Fenosa
Negocio Regulado de
Electricidade

RISCO ELÉCTRICO EN BAIXA TENSIÓN



INTRODUCCIÓN

A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un nivel de protección axeitado da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo.

O Real decreto 614/2001, de 8 xuño, é a norma regulamentaria que ten por obxecto a protección dos traballadores fronte ao risco eléctrico, e aplícase a todos os lugares onde este exista, quer o derivado das propias **instalacións** eléctricas, quer o dos **traballos** que se realizaren nelas ou nas súas proximidades.



folla de prevención


LUCÍA FERRÓN VIDÁN

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Doutora en Bioloxía

ISSGA

A COMUNICACIÓN DO RISCO QUÍMICO (II): Regulamento REACH



INTRODUCCIÓN

No ano 1967 aprobouse a primeira normativa europea sobre substancias químicas perigosas: Directiva 67/548 sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas (trasposta á normativa española no RD 363/1999). O seu obxectivo principal era evitar as barreiras comerciais que podían supor as distintas formas de clasificar e etiquetar as substancias nos países da Comunidade Europea. Esta directiva xa contiña unha lista con máis de 1.500 substancias consideradas como perigosas. Durante os anos seguintes a CEE foi aprobando e desenvolvendo diferentes directivas e programas co fin de asegurar que os produtos químicos se fabricaran e manipularan de forma segura, e os seus residuos se eliminaran dun xeito controlado.

Entre os anos 1971 e 1981 a Comisión das Comunidades Europeas elaborou un inventario de substancias

químicas comercializadas que recibiu o nome de EINECS (European Inventory of Existing Commercial Substances), e recolleu 10.204 substancias que existían no mercado. Estas substancias quedaron exentas de notificación, se ben aquelas consideradas como perigosas debían ser clasificadas e etiquetadas polo fabricante ou importador segundo o seu mellor criterio.

Unha vez se pechou o EINECS, comezouse a elaborar a lista de substancias "notificadas" ou ELINCS (European List of Notified Chemical Substances), é dicir, unha lista de "substancias novas" non incluídas no anterior catálogo que chegou a conter 4.831 substancias das que si se dispón de información suficiente dos riscos derivados da súa manipulación.

En 1993 apróbase o Regulamento 793/93, sobre avaliación de substancias químicas existentes co obxectivo de establecer un sistema común de avaliación



folla de prevención

PAULA PARDO FERNÁNDEZ

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais
Servizo de prevención mancomunado Mar Seguro de Galicia

Edita: Instituto Galego de Seguridade e
Saúde Laboral - ISSGA
Coordinación: Alberto Conde Bóveda
Maquetación: Alberto Conde Bóveda

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA PESCA CON ARTES DE ENMALLE



TIPOS DE ARTES DE ENMALLE

A pesca é unha actividade moi complexa, que conta cunha gran variedade de artes en función das especies que se queiran capturar. Así, os bancos de peixes poden rodearse (cerco), engancharse en anzois

(palangre ou tala), quedar capturados en trampas (nasas), etc.

Nesta Folla de Prevención centrarémonos nunha modalidade na cal o peixe queda enganchado ou

XUNTA DE GALICIA

Outras publicacións do ano 2011



2011





galicia

xaneiro

febreiro

marzo

abril

maio

xuño

xullo

agosto

setembro

outubro

novembro

decembro



XUNTA
DE GALICIA